



CORRECCIÓN DE ERROS. DA INSTRUCIÓN 1/2023, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación

Advertido un erro no texto da citada instrución, cómpre efectuar a seguinte corrección:

No apartado 1 da páxina 1, onde di:

Iniciar o procedemento que permita a avaliación das persoas investigadoras contratadas no Programa de axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, da convocatoria do ano 2019 que permanezan no programa na data de publicación desta instrución.

Debe dicir:

Iniciar o procedemento que permita a avaliación das persoas investigadoras contratadas no Programa de axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, da convocatoria do ano 2019 que permanezan no programa na data de publicación desta instrución e que estean a piques de rematar o contrato derivado desta axuda. Pola súa banda aquelas persoas que finalicen o seu contrato con posterioridade ao día 15.04.2023 deberán enviar a documentación solicitada nesta instrución no prazo dos 20 días hábiles anteriores á finalización dos seus respectivos contratos.